

Xornal Galicia

XornalGalicia.com



Lenguas Minoritarias
y Cooficiales

José Antonio Sierra



Á procura dos trazos que nos describan. Homenaxe da AELG a Xela Arias

XG Xornal de Galicia | Viernes, 07 Marzo, 2014 - 12:59

O pasado ano 2013, cumpríronse 10 anos do pasamento da poeta Xela Arias. Por este motivo a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, AELG, organiza coa colaboración do IES Álvaro Cunqueiro unha homenaxe que se celebrará neste centro educativo da cidade de Vigo, ás 19.00 do vindeiro martes 11 de marzo, no mesmo mes en que a autora cumpriría 52 anos.

Nesta homenaxe queremos contar con persoas que ilustren a traxectoria vital e literaria de Xela Arias e a proxección da súa obra. Para iso contaremos con escritoras, editores, músicos, actores, amigas e amigos que lerán a obra de Xela Arias e farán unha pequena lembranza da poeta.

Xela Arias, unha escritora que non se pode conter nas marxes da xeración que a viu nacer, transcendeu as lindes da escrita e puxo a palabra en contacto con outras disciplinas artísticas. Polifacética, xenerosa e implicada, desde a súa mocidade estivo vinculada ao mundo do libro, primeiro como editora, despois como escritora e tradutora.

No acto poético-musical participarán:

Manuel Bragado e Fran Alonso, director e subdirector de Edicións Xerais
María Xesús Nogueira, editora da obra de Xela Arias
Antía Otero e Marta Dacosta, poetas
Pilar Carro, promotora do certame poético Xela Arias do IES A Sangriña
Alba Cid, poeta premiada no certame Xela Arias
Virginia Barros, Directora do IES Álvaro Cunqueiro
Eduardo Estévez, tradutor de Xela para o español
Avelino González, actor
Ana Iglesias, escritora
Mercedes Queixas, en nome da AELG
Darase lectura tamén ao texto escollido pola escritora María do Carme Kruckenberg

A parte musical estará a cargo de:

O grupo Xardín desordenado
O clarinetista Fernando Abreu acompañado da voz de Iolanda Zúñiga

Contaremos tamén coa presenza da familia de Xela Arias, representada por Dario, fillo, e Xoán Arias, irmán.

A AELG convida a todas e todos a acudir a este acto de memoria.

Máis información: <http://www.aelg.org/GetActivityById.do?id=309> e no telf. 608 081 608

Acto: Á procura dos trazos que nos describan, Homenaxe a Xela Arias

Data: 11 de marzo de 2014

Hora: 19:00 horas

Lugar: IES Álvaro Cunqueiro, Vigo (como chegar)

Convoca: AELG

Colabora: IES Álvaro Cunqueiro